

CONSELLO ESCOLAR - CONVOCATORIA DE ELECCIÓN REPRESENTANTES DE NAIS/PAIS/TITORAS/ES LEGAIS

De conformidade co establecido na Resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (DOG do 18 de setembro), a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE NAIS/PAIS/TITORAS/ES LEGAIS DO ALUMNADO, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996 redactado segundo o establecido no Decreto 7/1999 e no artigo 55 do Decreto 92/1988 redactado segundo o establecido no Decreto 234/1996, corresponde no presente proceso electoral renovar:

PROFESORADO-----3

NAIS/PAIS-----3 (a ANPA nomeará directamente a 1 representante)

2. Son electores todas e todos as/os nais/pais/titoras/es legais do alumnado matriculado no centro **incluídos no censo** correspondente exposto na secretaría do centro. As reclamacións ao citado censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral antes das 14:00 horas do 8 de novembro de 2024 segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro.

3. Son elixibles todas/os as/os nais/pais/titoras/es legais do alumnado matriculado que presenten a súa candidatura oficial, dende o día 30 de outubro ata o día 11 de novembro do 2024 antes das 14:00 h, segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro.

4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público o luns día 12 de novembro entre as nais, pais e titoras/es legais que non se presenten como candidatas/os. A dita mesa estará formada pola directora do centro, que actuará como presidente e catro nais, pais ou titoras/legais, dos que actuará como secretaria/o a/o de menor idade.

5. A ANPA poderá designar como supervisores da votación a algún dos/as pais, nais ou titoras/es legais do alumnado matriculado no centro.

6. As votacións das familias (incluídas no censo) realizaranse no colexio o martes día 19 de novembro de 12:45 a 18:15 h. A mesa electoral será constituída o mesmo día ás 12:30 h.

7. O voto será directo, segredo e non delegable.

8. Os electores deberá acreditar a súa identidade coa presentación do DNI ou documento similar.

9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio, do que se levantará acta para o seu envío á Xunta Electoral.

Redondela, 29 de outubro de 2024

A Presidenta dea Xunta Electoral

Marta García García.

